

EMPRESA

Asetem acolle un seminario sobre técnicas de hixiene postural P3

COMARCA

De conversa con José A. Castro, novo alcalde do concello de Toques P13

CULTURA

Cardigan Bridge presenta *The western tree*, o seu segundo disco P20

ENTREVISTA



Juan José Segade,
A Fábrica do Camiño P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 93. Outubro 2013. Distribución gratuíta

A autovía por Melide terá que agardar agora ata o ano 2017

As primeiras previsións fixaban o remate en 2012. Logo atrasouse ata 2014 como consecuencia do cambio do trazado. Agora non será ata 2017 cando entre en servizo o tramo melidense da A-54. A autovía eternízase e volve ao primeiro plano da actualidade logo de que a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, lle reclamase ao ex ministro José Blanco que devolva o título de fillo adoptivo da vila por “enganar” cos prazos a todos os veciños. P11



Os traballos avanzan no tramo Lavacolla - Arzúa

Toques farase coa fábrica de puntas nesta lexislatura




O equipo de goberno non quere demorar máis a incorporación do conxunto etnográfico ao patrimonio municipal. Esgotará o diálogo antes de expropiar. P14

Melidenses no exterior: a cultura feita lonxe da terra



Veciños da comarca emigraron a Euskadi e deixaron alí unha semente que décadas despois segue medrando. A casa de Galicia en Santurtzi é un exemplo. P19



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc.

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

As mentiras da crise

Pillounos, como se di popularmente, co pé cambiado. Daquela non dabamos crido que algún día quedaríamos fóra da Champions League da economía. A crise irrompeu nas nosas vidas cando aínda non sabíamos moi ben o que era a débeda pública, e moito menos a prima de risco. No medio do descoñecemento e da incerteza, comezouse a falar de reformas e máis reformas que aceptamos como sacrificios necesarios antes os deuses para lograr saír do burato.

Agora pasaron cinco anos e cómpre, dende a distancia, reflexionar. Ademais de termos aprendido algo, contamos xa con datos e evidencias suficientes como para saber que a crise trouxo consigo máis dunha mentira. No que afecta á pequena e mediana empresa, presentouse como necesaria unha reforma do mercado de traballo (plasmada logo nunha nova lei) para reducir o desemprego e facernos máis competitivos.

O tempo pasou, a taxa de paro segue en niveis astronómicos (26,2%), as pemes afogadas e os salarios en caída libre. Xa non falamos de teorías nin de previsións. Falamos de datos e do que vemos e vivimos día a día. Para quen

MI TRABAJO COMO ECONOMISTA
CONSISTE EN HACER QUE PAREZCA
NECESARIO LO INTOLERABLE



EL ROTO

foi beneficiosa a reforma? Poida que para os monopolios, oligopolios e grandes empresas que atopan demanda nos mercados internacionais e aos que lles convén a redución do custo do traballo (salario e cotizacións sociais) para, eles si, seren máis competitivos.

Pero, que aconteceu co resto de empresas no seu conxunto? Por moito que se abarate o despido e se facilite a contratación e a negociación, se as empresas non teñen demanda, se non venden o que producen, non crean emprego. A caída da masa salarial, que é un feito contrastable aínda que dende o Ministerio de Facenda se diga o contrario, resultou prexudicial para as pequenas empresas, que viven do mercado interno. O salario transfórmase en demanda.

Se non hai demanda, non hai beneficios. É unha regra de tres ben simple. Seguimos sen saír do burato.

Voces expertas como a de Juan Torres López, catedrático de economía aplicada da universidade de Sevilla, apuntan a que, entre outros factores, o problema do emprego está no excesivo poder político da banca, “que lle permite impoñer condicións favorables aos seus beneficios pero letais para a creación de riqueza produtiva”. A situación de privilexio e de poder dos bancos fronte aos gobernos permitiulles impoñer condicións a cambio de financiamento: reformas no referido ao gasto público, aos servizos públicos, ao mercado do traballo, ás pensións...

Todo isto non vén máis que a demostrar outra das mentiras da crise: a idea de que era necesario salvar os bancos para salvar a economía. Mentres as pemes, como a maioría dos cidadáns, seguen no burato, a banca reconstruíu o seu poder financeiro e político (concentrado agora en menos mans) e segue estando en disposición de impoñer e de esixir.

Sabendo o que sabemos, e ante o que poida vir, xa non deberíamos comulgar máis con rodas de muíño.

Tribuna de opinión

Un golpe máis

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



En pleno proceso da tan anunciada como incerta recuperación económica, só hai unha cousa que podemos dar por segura no 2014: que comezará con outro golpe máis para o peto de todos os galegos e galegas. Darémolles a benvida ao ano pagando 2,4 céntimos de euros máis por litro de gasolina e 3,6 céntimos máis por litro de gasoil.

Esa será a consecuencia da suba no tramo autonómico do imposto especial de hidrocarburos que acaba de anunciar o goberno da Xunta. O obxectivo é recadar 53 millóns de euros para manter a viabilidade do sistema de sanidade pública. Noble intención se non fose porque aos cidadáns xa nos custa moito crer na utilidade dos sacrificios que nos foron impostos dende que

comezou esta espiral na que cada vez pagamos máis e recibimos menos e peor.

O tempo dará e quitará razóns. En todo caso, non fai falta agardar para cualificar de inxusta a suba deste tributo, como inxusta foi a suba do IVE e como inxusta será a de calquera imposto indirecto que grave por igual o peto dun parado sen prestación que o dun acaudalado señor con bilas de ouro no cuarto de baño. O surtidor da gasoleira non vai distinguir.

Hai formas de aumentar os ingresos gravando as rendas máis altas e os gobernos teñen capacidade normativa para facelo, como a teñen tamén para frear o monopolio que en cuestión de carburantes axuda a afogarnos. Se eles quixeran, os golpes serían máis pequenos.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓN: María Fernández, Xosé Núñez, Minia Varela

AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	19
-COLABORACIÓN.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Asetem dá a coñecer novas formas de venda a través das últimas tecnoloxías

En tempos nos que captar novos clientes é case unha quimera, resulta de vital importancia conservar os que xa temos e tratar de reforzar a relación con eles. Con ese obxectivo, Asetem-Cca busca para os seus asociados novas fórmulas de fidelizar o consumo e promocionar produtos e servizos.

Nesa liña, a patronal melidense acolleu o pasado 28 de setembro a presentación do “Feirón”, unha iniciativa da compañía R baseada nas novas tecnoloxías e pensada para dinamizar o comercio tradicional. Dende a súa posta en marcha a finais de 2012 xa conta con 667 comercios adheridos en toda Galicia e 5.806 consumidores dados de alta.

Que é o Feirón?

É unha plataforma que serve para comunicarlles aos clientes de maneira sinxela as novi-



Presentación do Feirón de R

dades, promocións e ofertas do teu comercio a través do correo electrónico, do móbil ou das redes sociais.

Como funciona?

Os comercios que se adhiran ao Feirón recibirán unha tablet dende a que poderán lanzar cantas ofertas queiran. Esas promocións chegarán directamente aos dispositivos dos seus clientes, que previamente se terán que inscribir

no servizo. Ao rexistrarse obterán unha tarxeta coa que deberán facer checking cada vez que merquen nos comercios adheridos ao Feirón. Iso daralles dereito a entrar no sorteo mensual de 500 euros (para gastar na rede Feirón) e no sorteo anual dun soldo de 1.000 euros durante un ano. O cliente non só recibe as ofertas do local no que se inscribiu, senón tamén as de todos aqueles polos que pasa e fai checking.

Descontos para socios

O servizo ten un custo que varía en función de se o comercio é cliente de R ou non. Os socios de Asetem beneficiaranse de descontos adicionais grazas ao convenio asinado entre a patronal e a compañía o pasado ano. Os comercios que desexen máis información poderán obtela na web www.feiron.com ou na tenda R de Melide, na Rúa do Convento.

NOTICIAS BREVES

Orde no mercado dominical

O grupo municipal do BNG aproveitou a última sesión plenaria para trasladarlle ao equipo de goberno “as queixas recibidas por parte de moitos veciños e veciñas, así como de comerciantes, polo deficiente control e aplicación do Regulamento Municipal da Venda Ambulante”. Os nacionalistas aseguran ter constancia de que se están vulnerando cando menos seis artigos da ordenanza, motivo polo que lle solicitaron ao executivo municipal que se convoquen as prazas vacantes de policía local (para reforzar a vixilancia) e que se volvan instalar os carteis que había nas entradas da vila nos que se prohibía a venda ambulante non autorizada.

Respiro para o campo galego

Tras longo tempo de vacas fracas, o rural galego vive un momento de respiro, cando menos de forma provisional. O prezo medio do litro de leite en orixe situouse xa en 0,345 euros por litro, acadando un valor case idéntico ao da media española, algo que non sucedía dende o ano 2007. Daquela a igualdade mantívose só durante uns meses, de xeito que para atopar unha converxencia máis sostida na serie histórica hai que remontarse a 1996. Para o goberno galego a recuperación dos prezos ten a súa explicación no contrato lácteo. Para os sindicatos agrarios é o froito das folgas de entrega de decembro de 2012.

Curso gratuíto en Asetem para mellorar os hábitos posturais



A Confederación de Empresarios da Coruña (CEC) e Asetem-Cca organizan en Melide un seminario sobre hixiene postural no ámbito do traballo e das rutinas do día a día.

O curso vai encamiñado a corrixir os malos hábitos e as posturas incorrectas que realizamos sen darnos de conta e que a miúdo derivan en dores de lombo e cervicais, contraturas musculares, rixidez e mesmo lesións. As persoas que participen aprenderán a crear táboas con exercicios adaptados ás súas necesida-

des. Tamén se achegará información sobre as posturas máis axeitadas para cada hábito co obxectivo de sacar maior rendemento das tarefas que fagamos sen realizar esforzos nin danar o corpo. Ademais haberá unha parte práctica na que os asistentes recibirán noções básicas sobre como realizar masaxes de relaxación.

O curso de hixiene postural impartirase o 23 de outubro na sede da patronal melidense e realizarase nunha única xornada de cinco horas, en horario de 4 a 9 da tarde.

É totalmente gratuíto e nel poderán participar tanto traballadores en activo como parados e pensionistas. As persoas interesadas xa poden anotarse chamando ou acudindo ás oficinas de Asetem. O prazo de inscrición remata o día 21 e hai un total de 20 prazas dispoñibles.

O seminario enmárcase dentro do programa “Prevenición cos cinco sentidos”, un proxecto da CEC para concienciar sobre a prevención de riscos laborais dende o punto de vista do benestar persoal.

SEGUROS BILBAO

Grupo CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo
Agente de seguros exclusivo
Nº de Reg. Mediador.: COO2636154917K

C/ Ronda de Pontevedra
Nº 113 Bajo - 15800 Melide
Tlf/ Fax: 981506495
Móvil: 678055942
rodrigofernandez@segurosbilbao.com



EMPRENDEDORES EN MELIDE

MARÍA MEJUTO CASARES, A TENDA DE MARÍA

“Apostamos por produtos exclusivos, artesáns e de calidade a bo prezo”

-Que pode atopar unha persoa que entre no seu establecemento?

-María Mejuto (M.M.): A tenda de María foi pensada inicialmente para a venda de embutidos, tanto galegos como ibéricos e de caza: chourizo, salchichón, cervo, xabarrín, touro... pero ademais disto incorporamos unha ampla variedade doutros produtos: patés, zumes ecolóxicos, cervexas e sidras artesás, licores, lacóns, xamóns, preparados para cocidos e para fabada, bacallau, conservas galegas, salsas variadas, marmeladas, chocolates, aceites... tamén vendo os postres do Lar de Celia, elaborados por miña nai e libres de conservantes, colorantes e glute, como a maioría dos produtos que hai na tenda. Os queixos son outro dos

nosos puntos fortes. Temos variedade tanto no de tetilla como no de cabra galega.

-Con produtos tan distintos, podemos poñerlle unha etiqueta á tenda?

-M.M.: É a tenda de María, un establecemento de alimentación coma os de antes. Apostamos por un produto diferente, que non se poida atopar en calquera supermercado. Ofrecémoslle ao cliente artigos exclusivos pero sen chegar a ser unha tenda delicatessen. Como somos tamén distribuidores e non hai intermediarios polo medio, podemos xogar con esa vantaxe e facer boas ofertas. A xente aquí pode atopar un produto de calidade e artesán a bo prezo.

-O cliente é reticente a

levar cousas que non está acostumado a comer?

- M.M.: Ao contrario, proban e volven outra vez. Pasa co cervo, co chourizo de tenreira, co queixo de Cabrales... con todo. Ademais nós somos unha tenda-degustación. Sempre temos unha mesa con algo para que a xente poida probar o que vendemos. Agora no inverno queremos facer demostracións e charlas con degustación de produtos para que nos expliquen, por exemplo, como se elabora a cervexa artesá ou como crían os animais cos que se fan certos embutidos...

-En que consisten os novos servizos que está incorporando?

-M.M.: A partir de agora os domingos imos facer comida



María Mejuto na súa tenda da rúa San Antonio

para levar: lacón con nabizas e callos. Non fai falta encargar; a xente só ten que achegarse á tenda e levar o que queira. Ademais, de luns a venres xa estamos facendo codillo asado de porco. Quen queira empanadas, pódeas encargar. Tamén vendemos cordeiros, cabritos, polos campeiros,

entrecot de boi... todo isto ten que ser por encarga. Entregámoslos limpos. Máis adiante, de cara ao Nadal, pensaremos en facer comidas, como se fora un cátering... pero iso xa o iremos vendo sobre a marcha. Ás veces os propios clientes son os que che van marcando o camiño que tes que seguir.



A TENDA DE MARÍA

Establecemento especializado en:

§ Xamóns

§ Embutidos

§ Produtos galegos

§ Postres artesáns “O lar de Celia”



R/ San Antonio, 5 - MELIDE
Tlf: 652 18 72 98

AXUDAS E SUBVENCÍONS

LEI 14/2013 DE 27 SETEMBRO, DE APOIO ÓS EMPREENDEDORES E Á SÚA INTERNACIONALIZACION (DOG. 233, do 28 de Setembro de 2013)

EMPRENDEDOR DE RESPONSABILIDADE LIMITADA (ERL).

O ERL poderá limitar a súa responsabilidade e a acción do acreedor, que teña orixe en débedas empresariais e profesionais de xeito que non acade á súa vivenda habitual, sempre que o valor desta non supere os 300.000 euros (450.000 euros no caso de vivendas sitas en po-boacións de máis de 1.000.000 de habitantes).

Na inscrición do ERL no Rexistro Mercantil indicárase o inmovible que se pretende que non quede obrigado polas resultas da actividade empresarial ou profesional, que deberá asentarse tamén no Rexistro da Propiedade.

Subsistirá a responsabilidade universal do debedor polas débedas non empresariais ou por aquelas empresariais ou profesionais contraídas con anterioridade á súa inmatriculación no Rexistro Mercantil; así como as derivadas de obrigas tributarias ou de seguridade social.

O ERL deberá depositar as súas contas anuais no Rexistro Mercantil. Transcorridos 7 meses dende o cerre do exercicio social sen que se procedera ó depósito, o ERL perderá o beneficio da limitación de responsabilidade en relación coas débedas contraídas con posterioridade á finalización dese prazo. Recuperará o beneficio no momento da presentación.

RÉXIME ESPECIAL DO CRITERIO DE CAIXA NO IVE (Entra en vigor a partir do 01/01/2014)

Este novo réxime especial optativo, permite aos suxeitos pasivos retrasar o devengo e ingreso do IVE repercutido ata o momento do cobro, total ou parcial, ós seus clientes. Do mesmo xeito, retardárase a dedución do IVE soportado nas súas adquisicións ata o momento no que se efectúe o pago, total ou parcial, ós provedores; ambos coa data límite do 31 de decembro do ano inmediato posterior a aquel no que se efectuasen as operacións.

As principais características deste réxime son:

- Poderán aplicar este réxime os suxeitos pasivos do imposto, que no ano natural anterior non superasen os 2 millóns de euros de volume de operacións. Regulamentariamente determinaranse exclusións.

- É un réxime especial optativo, cuxa opción se entenderá prorrogada salvo renuncia. Esta renuncia terá una validez mínima de 3 anos e non exime do cumprimento das normas reguladas neste réxime respecto das operacións efectuadas durante a súa vixencia.

- O réxime especial afectará a todas as

operacións do suxeito pasivo realizadas no territorio de aplicación do imposto.

.- Exclúense:

a) Operacións dos réximes especiais simplificado, da agricultura, gandería e pesca, do recargo de equivalencia, do ouro de inversión, aplicable aos servizos prestados por vía electrónica e o do grupo de entidades.

b) As exportacións e entregas intracomunitarias de bens.

c) Adquisicións intracomunitarias de bens.

d) Supostos de inversión do suxeito pasivo.

e) As importacións e asimiladas.

f) Operacións de autoconsumo de bens e servizos.

Os suxeitos pasivos non acollidos a este réxime pero que sexan destinatarios das operacións incluídas no mesmo, poderán deducir o IVE soportado de tales operacións no momento do pago total ou parcial do prezo das mesmas, coa data límite do 31 de decembro do ano inmediato posterior.

A modificación da base imponible por créditos incobrables efectuada por suxeitos pasivos non acollidos ao réxime especial do criterio de caixa, determinará o nacemento do dereito a deducir o IVE soportado polo suxeito pasivo debedor acollido a este réxime especial, correspondentes ás operacións modificadas e que aínda estiveran pendentes de dedución.

A declaración de concurso do suxeito pasivo acollido ao réxime especial do criterio de caixa ou do suxeito pasivo destinatario das súas operacións determinará, na data do auto de declaración do concurso, o devengo das cotas repercutidas e a dedución das cotas soportadas respecto das operacións afectadas polo réxime especial do criterio de caixa, que estivesen pendentes de devengo ou dedución.

REDUCIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL APLICABLES A TRABALLADORES POR CONTA PROPIA (RETA)

Os traballadores por conta propia, de 30 ou máis anos, que causen alta inicial en Autónomos ou que non estiveran de alta no mesmo nos 5 anos anteriores e que non empreguen traballadores por conta allea, poderán aplicar as seguintes reducións por contingencias comúns, sobre o resultado de calcular a base mínima de cotización polo tipo mínimo vixente, incluída a incapacidade temporal, por un período máximo de 18 meses:

- 80%, durante os 6 meses seguintes á alta, resultando unha cota de aproximadamente 52 euros, para a elección da base mínima de cotización sen cobertura de contingencias profesionais.

- 50%, durante os 6 meses seguintes ao período anterior (cota aprox. 129 euros).

- 30%, durante os seis meses seguintes ao período anterior (aprox. 180 euros).

Contratados os traballos para a primeira fase do saneamento no polígono

O Concello de Melide acaba de adxudicar á empresa local Construcciones Leonardo Miguélez a primeira fase dos traballos que permitirán dotar de saneamento ao Polígono Industrial da Madanela.

A actuación, que ten un orzamento de 90.743 euros subvencionado no 80% pola Consellería de Economía e Industria, consistirá na separación da rede de pluviais e fecais e na instalación das conexións necesarias para a evacuación dos vertidos. As obras deberán estar rematadas en decembro e comprenderán todo o polígono industrial, así como o eixe central que divide o parque. Unha vez finalizadas, procederase ao asfaltado das diferentes vías.

Segunda fase

Os traballos que se realicen este ano deberán ter continuidade para que a Madanela teña un servizo de depuración de augas residuais completo. É por iso que está prevista unha segunda fase que servirá para

instalar as canalizacións que leven os vertidos dende o polígono ata a depuradora municipal, onde serán tratados xunto coas augas residuais do casco urbano e dalgunhas parroquias do municipio.

Esta última actuación podería demorarse no tempo, xa que precisa de permisos especiais tanto da Dirección Xeral de Patrimonio como do Ministerio de Fomento por afectar a obra ao Camiño de Santiago e á estrada N-547 que une Lugo con Santiago. Non obstante, os técnicos de Augas de Galicia visitaron o polígono a finais de setembro en compañía da alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, para ir avanzando na redacción do proxecto.

O saneamento do parque empresarial, con 72 parcelas e máis de 82.000 metros cadrados de solo, era unha materia pendente dende a súa creación en 1995. A canalización das augas ata a EDAR municipal substitúe o proxecto barallado inicialmente: construír unha depuradora no propio polígono.

Asetem reparte outros 150 vales-desconto de 6 euros



A patronal melidense segue adiante coa campaña “Aforra co Bono Asetem” e repartirá de novo este mes a través do xornal Cerne outros 150 vales-desconto. Os lectores que teñan a sorte de atopalo entre as páxinas deste periódico poderanse beneficiar dunha rebaixa de 6 euros cando realicen unha compra superior a 30 en calquera negocio asociado (a listaxe de establecementos pódese consultar na páxina 6). O Bono Asetem terá validez ata o 31 de novembro. Para obter o desconto abondará con presentar o vale no momento de mercar.

“AFORRA CO BONO ASETEM” - DIRECTORIO

ASESORÍA

CC Xestión

Florentino Cuevillas, 2
881 97 33 07
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678 05 59 42

BANCA

Novagalicia Banco
Cantón de San Roque
981 50 51 33

CANTEIRAS

Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981 50 55 76

CARPINTERÍA

Blangar

Ctra. Lugo km 46,
Melide
981 50 54 18
Carpintería Laya
Rua Palas de Rei, 8
981 50 52 83
Eypar, S.A.
Madanela
981 50 72 03
Maderas
Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608 58 74 47

COMERCIO

Aceiteiro

Rda. da Coruña, 34
981 50 50 13
Aleia Novias
Rda. de Pontevedra, 48
981 50 71 74
Autorecambios
Ángel
Avda. de Lugo, 4
981 50 52 51
Autoecambios
Vulcano
Avda. de Lugo, 99
981 50 62 18
Berencello
Rúa do Convento, 2
661 81 59 76
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981 50 50 04
Calitex
Galicia, 4
981 50 51 54
Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981 50 51 60
Cárnicas García
Rda. da Coruña, 14
981 81 54 00
Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981 50 51 03

Casa Santos

Avda. de Lugo, 8
981 50 53 96
Centro Comercial
Ares
Rda. da Coruña, 27
981 50 50 53
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981 50 74 21
Colorín Colorado
Rda. da Coruña, 10
881 97 85 60
Cooperativa
Melisanto
Agüeros, s/n, Melide
981 50 60 26
Cousas Novas
Rúa do convento, 30
981 50 74 74
Deportes López
Avda da Habana, 5
981 50 54 25
Distribuciones
Mella
Xoán XXIII
981 50 60 68
Distribucións
O Carrizo
Avda. de Lugo, 83
615 36 00 89
Ekaté
Cantón de San Roque, 11
881 97 74 17
Estanco Angarela
Progreso, 9
981 50 60 96
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981 50 59 00
Electrotel 2000
Florentino Cuevillas, 18
981 50 71 71
El Baúl de la Piquer
Rúa Progreso, 1
981 50 70 65
El mundo del pintor
Avda. Lugo, 43
981 50 90 77
Escayolas Sito
Rda. Pontevedra, 75
981 50 59 51
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981 50 59 71
Establecimientos
El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981 50 50 89
Estación de Servicio
Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981 51 60 04
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670 29 29 17
Expert-Melide
Rda. da Coruña, 32
981 50 78 55
Floristería Chelo
Alhóndiga, s/n
981 50 58 76
Floristería Maru
Convento, 9
981 50 75 80
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981 50 61 64

Froitas Olga

Avda. da Habana, 1
607 36 53 69
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600 44 80 92
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981 50 50 47
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881 95 70 87
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981 50 62 56
Iris Melide
Emilia Pardo Bazán, 11
981 50 78 06
Jim Sports
Technology
Madanela S/N
981 50 64 34
José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981 50 53 35
Joyería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981 50 54 68
Joyería Silvela
Rda. da Coruña, 40
981 50 59 97
Lácteos Terra de
Melide
Orois, Melide
981 80 80 09
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981 50 73 34
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981 50 57 75
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981 50 50 55
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981 94 24 15
Marvi
Rúa do Convento, 16
981 50 71 94
Melimática
Otero Pedrayo, 6
981 50 78 81
Mis mejores labores
Avda. América, 3
657 43 56 99
Mobles Ares
Rda. da Coruña, 62
981 50 55 64
Modas Alfonso
Mateo Segade, 13
981 50 54 58
Modas El Dándolo
Convento, 15
981 50 63 70
Modas Manuel
Rda. da Coruña, 68
981 50 73 77
Muebles Paula
Crta. Lugo, km 46,
981 50 57 34
Muxica Tenda
Xoven
Rúa do Convento, 36
981 50 63 66
Óptica Abal
Rda. da Coruña, 20
981 50 60 97

Óptica Melide

Rúa do Convento, 17
981 50 54 67
Ortopedia Ortosaúde
Rda. Pontevedra, 16
981 50 78 74
Panadería e
Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981 50 51 81
Pasarela
Alexandre Bóveda, 10
981 50 75 78
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981 50 76 84
Pescados Abel
Camiño de Ovedo, 16
609 82 30 79
Pescados e
Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629 81 20 29
Pinturas Mejuto
Vimianzo, Santiso
981 19 34 94
Q me compro
Alexandre Bóveda, 16
981 50 51 49
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981 50 51 37
Ramón Pampín
Bango
Rda. de Pontevedra, 105
981 50 75 26
Ribeirao
Convento, 12
981 50 50 18
Romero Zapaterías
Rda. da Coruña, 29
981 50 53 56
Sisuka Moda
Taboada Roca, 1
881 97 58 62
Suministros
Industriales Cire
Pol. Ind . A Madanela,
parc. 22
981 50 79 54
Súper Vilasoa
Xesús Bal Gay, 6
627 24 00 11
Supermercados
Gómez
Amador Rodríguez, 3
981 50 70 27
Tu Boutik
Rda. de Pontevedra, 61
881 956 394
Tendas Valú
Praza, 11
981 78 76 78
Sobrado dos Monxes
Xebre
Rúa de San Pedro, 16
981 50 57 23
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda, 12
981 50 54 31
Zapatería Tanuska
Cantón de S. Roque, 14
981 50 57 93

CONSTRUCCIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981 51 53 86

Cervisa Sistemas
Metálicos

Pol. Ind. A Madanela,
981 50 71 76
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981 50 77 29
Const. Leonardo
Miguélez
Santa María, Melide
981 50 52 73
Const. Pichel Hnos.
Avda. Estación, 2, Lalín
986 78 07 59
Costoya Varela, J.
Rda. Pontevedra, 51 1º Iz.
981 50 70 89
Cubiertas
Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco
988 33 52 94
Excavaciones
Paradela
Ribeiro, s/n
Os Ánxeles, Melide
981 50 55 92
Hijos de Casal
Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981 50 53 10
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981 50 50 25
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981 17 36 16
Intres Fotografía
Avda. de Toques, 2
881 97 42 24
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981 50 55 18
Química Industrial
Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981 50 53 00
Revestimientos
Rifer
Avda. de Lalín, 26
981 50 71 16

HOSTALERÍA

A Boa Viña
Praza da Herba, 10
Bodega Curros
Rda. de Pontevedra, 18
981 50 59 68
Café Chaplin
Cantón de S. Roque, 17
981 50 53 55
Cafetería A Fábrica
do Camiño
Cantón de San Roque, 1
Cafetería Arraigos
Cantón de San Roque, 9
Cafetería M40
Cantón de S. Roque, 40
981 50 73 44
Cafetería Stop
Rúa da Cátedra, 1
Esquina San Antonio

Casa Quinzán

Rúa do Convento, 7
981 50 53 25
Cervexería Godiva
Ichoas, 7
Espectáculos
Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981 50 53 28
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981 50 76 33
Novo Continente
Luis Seoane, 8
981 50 61 82
O sapo Lambón
Taboada Roca
881 95 98 49
Parillada O Carburo
Villamor, Toques
981 50 49 07
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981 50 60 76
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986 68 25 45
Pizzería O Zampón
Rda. Pontevedra, 111
981 50 75 85
Pizzería Xoldra
Avda. de Lugo, 25
981 50 79 06
Pulpería Alongos
Avda. de Lugo, 22
981 50 75 10
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque, 46
981 50 52 91
Pulpería Mosquera
Avda. de Lugo, 85
981 50 55 87
Xamonería Garceiras
Gaiteiros Garceiras, 1
608 975 776

SERVIZOS

Fisio-Vida
Florentino Cuevillas, 16
981 50 70 47
Clínica Dental Ana
Marcos Cardo
Rda. da Coruña, 31-1º B
981 50 57 05
Gasolineira Bocelo
Avda. de Lugo
981 50 62 50
Hardgalicia - “R”
Rúa do Convento, 4
693 77 88 66
Inmobiliaria
Villamor
Cantón de S. Roque, 8
981 81 53 30
Peluquería
Gómez Andón
Álvarez Carballido, 1
981 50 75 39
Perruquería
Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 9
Entrechán
650 43 63 75
Ruraltec Sistemas
Martagona, 11
981 81 54 42

Skala Peluqueros

Almirante Brown, 19-21
981 50 59 03
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981 50 63 88
Intermax Technology
Alexandre Bóveda, 5
902 908 737
Servinet
Vitoriz, s/n
697 89 24 66

TALLERES

Motor Melide

Pol. Ind. A Madanela
981 50 70 31
Talleres Bertocar
Furelos, Melide
981 50 56 12
Talleres Leiva
Madanela, Melide
981 50 52 11
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981 50 59 99

SOCIO
COLABORADOR

La Caixa

Alexandre Bóveda, 1
881 03 08 20
Mª Carmen Carreira
Simón
Rda. da Coruña, 50 - 1º
981 50 52 80

TRANSPORTES

Cabado Rguez, J.R.
Pezobrés s/n, Santiso
981 51 77 89
Rey Sánchez S.L.
Emilio Campoamor, 2
981 50 60 29
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981 51 58 18

ENXEÑERÍA
TÉCNICA
AGRÍCOLA

Javier López López
Rúa Xosé Ramón Fdez.
Castro, 6
981 50 54 82



CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)



SANOQUERA
fotografía, arte y diseño

www.sanoguera.com

Tel. 622 222 810

CITA PREVIA

REPORTAJES DE BODA · PREBODAS · POSTBODAS



MIS MEJORES LABORES

Avda. América, 3 MELIDE



Mercería e Complementos con **DESCONTOS DO 20%**

21 ao 27 de outubro:



Conxunto Selmark

28 de outubro ao 3 de novembro:

Pixamas e batas de señora e cabaleiro

4 ao 10 de novembro:

Calvin Klein Calzoncillos e camisetas

11 ao 17 de novembro:

Pixamas e batas de neno e nena

PUERICULTURA



COSATTO

NAF NAF



LENCERÍA E
CORSETERÍA

Calvin Klein



Janira

maSana

Kappa



Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*


Bacalao *Vinos* *Licores*

Jamones e ibéricos



Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con productos conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03



NOVA APERTURA

A túa tenda de fotografía en Melide

intres
fotografía

"Se sabes agardar, a xente
esquecerase da túa cámara e
entón a súa alma sairá á luz"

Steve McCurry

www.intresfoto.es

Tlf: 658 663 898 / 881 974 224

Avenida de Toques, 2



O BNG INFORMA

IRREGULARIDADES E ENCHUFISMO NA CONTRATACIÓN NO GRUPO DE EMERXENCIAS

O recente proceso de selección de persoal para formar parte do grupo de emerxencias foi un escándalo cheo de irregularidades. O proceso selectivo tivo lugar no concello veciño de Palas de Rei, repartíndose as 12 prazas entre ambos os dous concellos, seis para cada un. Consequiron as prazas militantes, simpatizantes e familiares do Partido Popular. No caso de Melide o esperpento é se cabe maior, dado que no noso concello existen 700 parados e paradas, e aprobaron o número 13 na lista electoral do PP, o tío da concelleira de mocidade, o sobriño da concelleira de cultura e o primo do concelleiro de promoción económica.

**Está claro que as casualidades existen,
outra cousa é que nolas creamos!**

**EN MELIDE
HAI FUTURO**

A lei contempla o acceso libre e en igualdade aos postos de traballo municipais. Neste caso o Partido Popular non a respecta, creando unha cidadanía de primeira e outra de segunda.

Os veciños e veciñas consideran isto unha situación inmoral e descarada. Nun concello no que somos conscientes das dificultades económicas que está a sufrir parte da nosa cidadanía, limitar a accesibilidade aos empregos públicos adquire unha dimensión déspota e caciquil.

Chamamos pois a atención dos nosos veciños e veciñas porque a xente sen recursos, desempregada, precisa de vós. Non podemos permitir que neste concello existan este tipo de discriminacións.

SOLIDARIEDADE!

SUSANA



Productos para
peluquería y
estética

*Rúa do Progreso, 27
MELIDE*

Telfs: 666 123 740 / 881 974 822



*Ser
impecable
está
de moda*

CALIDAD E HIGIENE ALIMENTARIA

www.plagostel.com

Plagostel
N.R.S. [0177-GAL-SPD]

Analíticas alimenticias Laboratorio

Legionela Control de plagas

Manipulación alimentos Formación

Comercial@plagostel.com / 986 118 714 / 698 163 399



A alcaldesa pídelles a José Blanco que devolva o título de fillo adoptivo por “enganar” coa A-54

O tramo da autovía por Melide non estará rematado antes do ano 2017

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, quere que o ex ministro de Fomento, o socialista José Blanco, devolva o título de fillo adoptivo que lle foi concedido en 2009 por “enganar” e “tomarlle o pelo aos melidenses” cos prazos da autovía A-54 ao seu paso polo municipio.

Facendo seu o dito de que a mellor defensa é un bo ataque, a rexedora respondeu así á moción presentada polo PSOE no último pleno municipal para solicitar a creación dunha fronte común e instar ao goberno de Rajoy a que incrementase os 800.000 euros asignados nos Presupostos Xerais do Estado de 2014 para o tramo da A-54 entre Arzúa e Palas. “Tiñan que quedar presupostados os importes dos anos vindeiros para que non se atrase máis no tempo”, explicou



Antonio Díaz, Socorro Cea, José Blanco, Salvador Fdez. e Manolo Prado en 2008 trala concesión da medalla ao daquela ministro

cou Manolo Prado, voceiro dos socialistas, quen cualificou de “calderilla” e de “ofensa para Melide” unha asignación claramente inferior aos 20,78 millóns do tramo Arzúa-Lavacolla e aos 15,5 do tramo Palas-Guntín.

Pola súa banda, Ánxeles Vázquez, que pechou filas co seu partido, definiu como “prudente” e “axustada á realidade” a contía reservada polo goberno central: “para que van poñer 30 millóns de euros

para as obras se aínda non está redactado o proxecto de construción?”, argumentou a rexedora, quen explicou que eses 800.000 euros son “o que falta por pagar da redacción do proxecto”. Unha vez que estea rematado “será cando o goberno teña que apoquinar e cando nós faremos forza para que nos dean os cartos”, engadiu Vázquez.

As obras, en 2015
Segundo o compromiso asu-

mido pola UTE redactora, o proxecto de construción estará finalizado en decembro de 2014. Só entón se poderán contratar e iniciar as obras. Non será polo tanto ata o ano 2015, no mellor dos casos, cando as máquinas comencen a traballar no tramo da A-54 que acumula máis atraso e no único no que aínda non empezaron as obras. Na actualidade estase a realizar un estudo xeolóxico, catas e medicións para establecer a contía que se pagará polas expropiacións.

As últimas estimacións fixan en 2017 a entrada en servizo da autovía por Melide. En cuestión de prazos, Ánxeles Vázquez librou de responsabilidades ao goberno do PP e cargou as tintas contra José Blanco: “lévannos enganando dende 2006”, dixo, “pido que devolva a medalla de fillo adoptivo porque non fixo nada por Melide”. Os socialistas acúsana de defender só os intereses do seu partido e de manipular os datos: “digas o que digas non te pos corada”, replicou Manolo Prado.

Comezan as obras da nova escola infantil

As máquinas traballan xa na parcela da Rúa María Barbeito onde se levantará a nova escola infantil de Melide, promovida e financiada pola Fundación Amancio Ortega, que reservou para a construción do inmoible un millón de euros. Aprobada a licenza de obra a finais do mes de setembro, as palas traballan agora sobre os terreos cedidos polo concello para abrir as gabias nas que se erguerán os muros de carga da gardería.

A nova escola infantil terá unha superficie construída de 524 metros cadrados e 61 prazas para nenos de cero a tres anos repartidas en catro unidades. Será xestionada pola Xunta de Galicia a través do Consorcio Galego de Benestar. É unha das nove garderías que se comprometeu a construír a Fundación Amancio Ortega en Galicia, todas localizadas en cidades excepto a de Melide e a de Cambre.

Melide estreará en 2014 o Consello Escolar Municipal

No primeiro trimestre de 2014 constituirase en Melide o Consello Escolar Municipal, un órgano de participación social contemplado pola lei que permitirá acadar, segundo explicou o concelleiro de educación, Santos López, “a maior comunicación posible entre a administración local, a educativa e as ANPAS”.

Estará presidido pola alcaldesa ou o concelleiro/a no que delegue e terá 21 membros: 7 profesores, 4 representantes dos pais e nais, 3 representantes do alumnado e 7 persoas nomeadas pola corporación municipal.

O compromiso foi feito público polo propio concelleiro momentos despois de que o PSOE defendese en sesión plenaria unha moción na que instaba a constituír o Consello Escolar Municipal como ferramenta útil “nun momento no que se está

producindo un ataque feroz á educación”, argumentou o edil socialista Manolo Prado. “É necesario que os centros de Melide estean unidos para optimizar recursos”, engadiu.

O argumento non convenceu e provocou a risa e a mofa das bancadas do PP ao considerar a Prado falto de lexitimade para realizar ditas peticións: “vostede foi responsable de educación no bipartito e non fixo nada”, replicou Santos López, “non ten autoridade para tratar este tema, é a persoa menos indicada”.

Ao fío, e antes de aprobar a moción co voto favorable dos tres grupos políticos, o concelleiro popular aclarou que xa tiña en mente a constitución do Consello Escolar Municipal é que o proxecto “estaba na folla de ruta do PP”. “Vou facer o que non fixestes vós en 4 anos”, dixo.

Erradican no lugar do Meire un vertedoiro incontrolado



O vertedoiro antes e despois da retirada de residuos

Malia avanzarmos na xestión de residuos, aínda hai quen opta polo monte ou o campo como lugar idóneo para desfacerse do lixo. Por iso é frecuente atopar na comarca numerosos puntos que rematan por converterse en vertedoiros ilegais e que acaban acumulando cantidades inxentes de materiais de obra, mobles, plásticos, roupa, rodas e colchóns. Un deles foi localizado no Meire, a carón da estación meteorolóxica. Tralas queixas dos veciños e a denuncia en sesión plenaria realizada polo BNG, o Concello de Melide precedeu con axilidade a retirar os residuos e limpar os terreos. Tamén se colocou nas inmediacións un cartel prohibindo o depósito de lixo. Con todo, dende o saneamento xa se tiraron na zona pólas de árbores e outros restos de poda.

Multas, xuros e xuízos que suman máis de 267.000 euros

O goberno local de Melide (PP) volve arremeter contra a “desastrosa” xestión económica realizada polo bipartito (BNG-PSOE) durante os seus catro anos de goberno e asegura que no que vai de lexislatura os melidenses levan pagado 267.179,45 euros “en multas, procedementos xudiciais e xuros de demora herdados do anterior executivo”. Segundo denuncian os populares, o concello terá que facer fronte a un novo pago de 10.000 euros á seguridade social pola falta de seguridade dun traballador que sufriu un accidente na época do bipartito. Ademais, din, tamén lle terán que pagar 5.000 euros á empresa concesionaria da limpeza, Seralia, en concepto de atrasos.

“O lume facía bólas coma remuíños e saltaba polas árbores cara ás casas”

Un incendio arrasa 43 hectáreas de monte no lugar do Leboreiro e pon en perigo 4 vivendas

“Levamos un apuro, non sabes como corría o lume cara a nós”, relata Román Rúa, “facía bólas coma remuíños e saltaba polas copas das árbores cara ás casas; chegou nun periquete”. El foi un dos catro veciños da parroquia do Leboreiro que viu perigar a súa vivenda no peor dos incendios declarados en Melide nos últimos anos. “Foi dos lumes máis perigosos que tivemos”, sinala a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, “estaba moi preto das casas e eu temía que levara algunha por diante”.

O incendio orixinouse no Meire o 13 de setembro, pouco antes das tres e media da tarde. Tras dúas horas de traballo deuse por controlado pero sobre as sete e media



As lapas tamén chegaron ás portas da granxa avícola do Leboreiro

apareceron novos focos no Leboreiro “e foi cando levamos o gran susto”, explica a rexedora, “cambiou a dirección do vento e todo se complicou moi rápido. A última hora vimos que aquilo era imposible de controlar e tiveron que volver os hidroavións”.

Segundo a Consellería do Medio Rural, o incendio queimou 43 hectáreas de monte baixo e na súa extinción participaron 7 brigadas, 5 axentes

forestais, 5 motobombas, 7 avións e 6 helicópteros. Tamén interveu o Grupo de Emerxencias Supramunicipal e numerosos veciños da zona, moitos dos cales contribuíron nas tarefas cos seus propios tractores e cisternas: “a xente colaborou moito; en pouco tempo montouse un dispositivo impresionante”, asegura Román Rúa, “na presa do Quintas ata acabaron coa auga. Ao final xa traían terra”.

NOTICIAS BREVES

Melidenses no Camiño



Manuel Sesar, Manuel Vázquez e José Pampín na primeira etapa do percorrido, no porto de Ibañeta, aos pés dos Pirineos

Non só o Camiño está feito para os peregrinos. Tamén para os melidenses que, acostumados a velo dende o outro lado da barreira, deciden de vez en cando botarse a el. Tal foi o caso de tres veciños da vila que completaron a ruta este verán dende a localidade francesa de Saint Jean de Vieux. Manuel Vázquez, Manuel Sesar e José Pampín, afeccionados á bicicleta, percorreron sobre dúas rodas os 825 quilómetros do camiño, unha “aventura”, como eles coinciden en denominar, na que empregaron 8 días. A experiencia, máis alá dalgún pinchazo e da rotura de cadeas, deixou moi bo sabor de boca: “fariámolo todos os meses se puideramos”. A convicción é total, a pesar da dureza dalgunhas etapas “rompepernas” como a de Pamplona a Logroño, e tanto é así que no punto de mira xa está a próxima aventura: verán de 2014, Ruta da Prata dende Cádiz.

Vivir para contar: Presenta Loureiro, veciña de Campos, cumpre 103 anos

O 10 de setembro de 1.910 nacía na Veiga Presenta Loureiro. Esta pequena aldea da parroquia de Campos había converter en todo un universo para esta muller que acaba de cumprir 103 anos e que ten o mérito de ser a segunda veciña de maior idade do Concello de Melide.

É só un dos moitos que se lle poden atribuír a unha persoa “tranquila e de paz”, como a definen quen a coñecen ben, que tivo unha vida dura traballando como labrega no campo e como tecelá facendo roupa para as camas. Foi tamén parteira de moitas mulleres e viu morrer a varias delas por non teren a posibilidade de ir a un hospital. Esas imaxes están entre os recordos de Presenta que, superado o século de vida, goza de boa saúde e tan só padece algúns problemas de visión por mor dunhas



Presenta o día do seu 103 aniversario

cataratas. Camiña perfectamente e ten unha memoria privilexiada que mesmo lle permite recordar os nomes e os apelidos de cada un dos médicos que a atenderon nas numerosas operacións polas que tivo que pasar cando o hoxe Hostal dos Reis Católicos de Santiago aínda era hospital.

Tamén garda recordos e palabras fermosas para o seu

marido, Saturnino Carregal, e lamenta que tivese falecido “tan novo” (aos 78 anos). Con el tivo catro fillos (dous homes e dúas mulleres), o maior dos cales xa supera os 80. A familia complétase con oito netos e tres bisnetos.

A vida de Presenta Loureiro na aldea da Veiga é agora moito máis tranquila do que foi. Érguese preto da hora do xantar e pasa o día pola casa acompañada da súa filla Evangelina, coa que vive. Gústalle ver o Luar e a Gayoso, a única persoa da televisión que coñece, pero sobre todo goza de sentar diante da porta e de falar cos veciños ou con calquera coñecido que pase por diante da casa. Conta historias de antes, fala das romarías, dos traballos que pasou, das mortes, da escola, da guerra, da familia... en definitiva, fala das cousas da vida. Cento tres anos dan para moito contar.

FOTO-DENUNCIA

Tráfico de queixos



Rúa de San Pedro. Un domingo de feira en Melide. Non é o repartidor da Telepizza nin unha empresa de catering a domicilio. É unha mostra, outra máis, do que venñen denunciando dende vello os comerciantes da vila; as irregularidades que se cometen impunemente no mercado dominical. Hainas que se fan de tapado e hainas que son clamorosas, visibles e grandes,

do tamaño dun coche co maleteiro cheo de queixos que aparca en pleno casco histórico para converterse en posto ambulante. Rematada a faena, volta para a casa. Así, porque si. Sen permisos. Sen licenzas. Para que? Os impostos xa os pagan os outros, os establecementos diante dos que aparca, algúns dos cales tamén venden queixos. Hai cousas que se non se ven, non se cren.

JOSÉ ANTONIO CASTRO, ALCALDE DE TOQUES

“O concello ten que funcionar coma unha empresa, pero sen beneficios”

Comezou a coquetear coa política na década dos 80, cando formou parte da candidatura de Coalición Popular. Aquela primeira experiencia resultou fallida e axiña volveu ao día a día da súa faceta como empresario. Malia asegurar que leva toda a vida rodeado de políticos, tiveron que pasar case 30 anos para que José Antonio Castro pensara seriamente en intentalo de novo. Fíxoo na area municipal, á fronte de Xuntos Cara ao Progreso de Toques, e acaba de asumir o cargo de alcalde do concello: “unha responsabilidade” e “unha meta” que o ilusionan.

-Cales son as primeiras sensacións tras asumir o cargo de alcalde? Sente o peso da responsabilidade?

-Claro que si, sen dúbida. Agora ademais da miña actividade profesional teño que implicarme en cousas que antes non facía, pero iso é unha meta que me ilusiona; chegar a facer algo por este concello. A ver se o damos logrado, porque as limitacións orzamentarias son as que son. Temos a vantaxe de que non nos agobian as facturas pendentes nin unha situación económica difícil. Deixáronnos as contas moi ben.

-Vaise notar o cambio de alcalde? Marcará diferenzas con respecto ao anterior goberno?

-Habería que preguntarlle aos veciños se están contentos para logo decidir se seguimos a mesma liña ou cambiamos. Nós ímonos centrar en facer unha política de proximidade. De feito, xa estamos realizando visitas polas aldeas para coñecer as necesidades que ten o municipio, sobre todo en canto a infraestruturas. Faremos o que poidamos dentro das nosas posibilidades para ter as pistas preparadas, a iluminación ao día, para que os veciños dispoñan dos servizos básicos en boas condicións e para complementar a axuda que lle presta a Xunta e o Estado a aqueles máis necesitados.

-No que vai de lexislatura demostraron moi boa sintonía co PP. Veremos unha candidatura conxunta nas próximas eleccións municipais?

-De momento non tivemos

ningunha oferta nin nós pensamos nesa cuestión; aínda faltan dous anos. Nós fomos sempre do PP e nas eleccións xerais, autonómicas e europeas votamos e pedimos o voto para eles. Será unha cuestión de falalo. Houbo tempos nos que o PP non quixo contar con



nós pero non sei agora. Eu creo que iso se vai arranxar.

-Toques ten remanente positivo. Van seguir na liña do aforro aínda que se fagan menos cousas?

-Ese remanente non vén de cartos que non se gastaron, senón que proceden dunha boa xestión por parte do anterior equipo de goberno. En ningún momento se deixaron de facer obras, senón que se conseguiron a un prezo máis baixo. Nós aínda que esteamos raspados, imos gastar os cartos, pero sempre en base a uns orzamentos axustados. Ás veces non podemos facer máis cousas polas limitacións que temos. Se por exemplo nos permitisen contratar persoal, o concello estaría mellor atendido, sen ter que recorrer a medios de fóra e aforrando

cartos. O concello non está para dar beneficios pero ten que funcionar coa mentalidade dunha empresa: saber investir e mercar a mellor calidade ao menor prezo posible.

-Hai algún proxecto que necesita Toques pero que non se vai poder facer por falta de cartos?

-Toques necesita moitas cousas. Fainos falta un punto limpo, arranxar o polideportivo, estamos a pagar pola auga que nós producimos... todo iso custa cartos. Só cos orzamentos do Concello é moi difícil facelo; teremos que ir chorarlle á Xunta e á Deputación...

-Está disposto a tender pontes cara a outros concellos para buscar a colaboración na prestación de servizos?

-Por suposto. De feito, penso que para determinados servizos a Xunta debía obrigar por lei a facer mancomunidades, porque iso é beneficioso. Na zona de Zamora xuntáronse 60 concellos e conseguiron unha tarifa reducida para o gasto eléctrico. Eu opóñoome á absorción de Toques por parte de Melide pero colaboración, a que faga falta.

-O político ten que ser dunha pasta especial?

-Para político vale calquera, só hai que ser honrado e ter sentido común. A marxe de manobra non é tan grande como pensa a xente. Afortunadamente todo está máis controlado e un alcalde non pode facer o que queira. Xa non vivimos nos tempos nos que falaba o millo.

O CAMBIO TRANQUILO



O alcalde entrante, José A. Castro, e o saínte, Jorge Calvo

O pasado 19 de setembro José Antonio Castro foi elixido novo alcalde de Toques no transcurso dun pleno discreto, sen fasto e marcado pola ausencia de veciños. Un mero trámite para cumprir o pacto de goberno establecido co PP tralas eleccións municipais e para dar continuidade “a unha liña de actuación moi parecida á que establecemos ao inicio da lexislatura”.

Así o deixou patente o novo rexedor no breve discurso que pronunciou trala súa elección e no que tivo palabras de agradecemento para os seus socios de goberno, de quen agarda unha colaboración “absoluta” nos próximos dous anos. José Antonio Castro destacou a xestión económica realizada polo PP e manifestou a súa intención de “deixar as contas saneadas igual que nolas deixaron a nós”. Con respecto á oposición, amosouse convencido de que “seremos capaces de chegar a moitos acordos”.

José Antonio Castro non se esqueceu no seu discurso dos veciños, con quen se comprometeu a “facer o que se poida dentro das nosas posibilidades” ao tempo que deixou enriba da mesa unha advertencia: “isto non vai ser un camiño de rosas porque na conxuntura actual non saen os billetes polas ventás”. Nesa liña, adiantou que o Concello fará un esforzo para intentar captar máis axudas das administracións xa que, asegurou, “co orzamento que temos pouco máis podemos facer”.

Poucos días antes Jorge Calvo presentaba a súa renuncia e deixaba o cargo de alcalde contento polo traballo realizado: “penso que se fixeron moitas cousas e estou satisfeito, pero iso teñen que dicilo os veciños e veciñas”, sinalou.

REPARTO DE COMPETENCIAS DO NOVO GOBERNO LOCAL

José Antonio Castro Fraga (XCPT)
Alcalde - Presidente

Jorge Calvo Pestonit (PP)
1º tenente de alcalde
Cultura, deporte e turismo

Mónica Penas González (XCPT)
2ª tenente de alcalde
Obras

Arturo Penas Prado (PP)
3º tenente de alcalde
Medio rural, servizos sociais, igualdade e benestar

Toques esgotará a vía da negociación antes de expropiar a fábrica de puntas

O Concello de Toques confía en que a antiga fábrica de puntas e os seus terreos, situados a carón da capela de San Antolín, formarán parte do patrimonio municipal antes de que remate a lexislatura.

Ese será, cando menos, un dos principais cabalos de batalla nos próximos dous anos para o ex alcalde e actual responsable de turismo de Toques, Jorge Calvo (PP), quen considera que é “moi importante” para o concello facerse coa titularidade do conxunto arquitectónico. En resposta a preguntas do BNG sobre a cuestión, Calvo anunciou que volverá a negociar cos propietarios: “penso que é necesario retomar o proceso dende o principio e iniciarei de novo as conversas; sempre é mellor chegar a un acordo”, explicou o edil popular.

Expropiación forzosa

Malia agardar que haxa entendemento, o proceso para acometer unha expropiación



A maleza oculta as ruínas case por completo

forzosa segue avanzando: “xa temos toda a documentación que hai que presentar e só falta facer un proxecto”, sinalou Calvo, quen asegura que o concello conta co respaldo da Deputación: “estiveron visitando o lugar e viron que é a primeira fotografía de Toques, un atractivo turístico infrautilizado que dá unha sensación de abandono penosa”.

Dende a oposición, o vo-

ceiro do BNG, José Ángel Penas, amosouse partidario da expropiación forzosa aínda que supere o custo da compra. Xustificou a súa postura na actitude mantida polos propietarios ata día de hoxe: “o único que van facer é seguir mareando a perdiz”, asegurou.

O Concello posúe xa a terceira parte dos inmobles e do terreo. A compra realizouse durante o goberno de Jesús Ares.

Concluirá en novembro a eliminación do vertedoiro incontrolado de Barazón

Supón un problema medioambiental e un crebacabezas para o Concello de Santiso dende hai aproximadamente cinco anos, pero o vertedoiro incontrolado de Barazón ten os días contados. A administración local decidiu asumir por conta propia a limpeza da finca, que pertence ao Banco de Terras de Galicia (Bantegal), e estima que estará libre de residuos en pouco máis dun mes.

O alcalde de Santiso, Manuel Adán, explica que non había moitas máis opcións despois de que o Bantegal fixera oídos xordos hai dous anos cando lle solicitaron que limpase os terreos: “desentendeuse de todo isto e nós tiñamos que solucionalo dalgún xeito, había que poñerlle coto”. O primeiro paso consistiu en colocar un cartel para prohibir o vertido de máis residuos e a iso seguíulle a retirada de material, que se vén realizando dende mediados de setembro: “vai pouco a pouco porque hai que separar para



Os traballos de retirada de residuos comezaron en setembro

reciclar”, explica o rexedor. Unha vez que se rematen os traballos, a finca pecharase con estacas e arame: “se o deixamos aberto, axiña volveremos a estar nas mesmas”.

Dende a oposición, o PP bota de menos que o concello non teña feito máis presión ante o Bantegal e lamenta que sexan os veciños de Santiso quen teñan que pagar a limpeza do terreo: “se o Concello

está endebedado e con poucos cartos, non entendo por que nos dedicamos a facerlle os traballos ao Bantegal”, argumenta a concelleira Matilde Pallares.

No vertedoiro de Barazón acumúlase sobre todo material de obra, chapa, electrodomésticos e plásticos. Xente de todas as parroquias de Santiso e mesmo de Melide acudían ao lugar para tirar residuos.

NOTICIAS BREVES

Obras de asfaltado en Santiso

O Concello de Santiso acometerá ao longo dos meses de outubro e novembro traballos de asfaltado de pistas en varias parroquias do municipio. Parte das obras están xa adxudicadas de forma provisional e comezarán de inmediato. Trátase, en concreto, dos seguintes camiños: Campo da festa de San Román ata o límite con Arzúa (Boente), Cimadevila – Coto, Carballido ata a estrada Melide – Ribadulla e Carballido – A Torre. Con algo máis de atraso vai a adxudicación do asfaltado das seguintes pistas: Casas Novas – Vide (Rairiz), accesos a Reboredo (Vimianzo), accesos a Outeiro (Ponte Arcediago), centro médico de Visantoña, acceso a Sestelo (Belmil), Souto – Silva (Ponte Arcediago), Chaín – Chorén (Rairiz) e Chaín – Quinzán.

Estes traballos completarán os xa realizados durante o mes de setembro noutras oito pistas do municipio: igrexa de Barazón, interiores en Barazón, Vimianzo xunta a igrexa, Casal (Serantes), San Benito – Capelos (Pezobrés), interiores en Rendos (Pezobre) e Pezobre xunta a igrexa.




Arriba, asfaltados en Vimianzo. Abaixo, camiños en Barazón

Retroescavadora compartida

Os concellos de Sobrado e Boimorto recibirán unha achega de 55.542 euros a través do Fondo de Compensación Ambiental para mercar unha máquina cargadora retroescavadora destinada a realizar traballos nos dous termos municipais. Ademais, ao estar o seu territorio afectado por parques eólicos, recibirán a maiores 48.386 € no caso de Sobrado e 7.887 € no de Boimorto para iniciativas orientadas á conservación da biodiversidade e o medioambiente. A Xunta permitirá, non obstante, que se empreguen para gasto corrente ou para a contratación e mantemento de persoal. Á marxe do canon eólico, a Consellería do Medio Rural achegará 54.016 € (Sobrado) e 45.489 € (Boimorto) para a mellora de vías.

En defensa dos servizos sociais

A corporación municipal de Santiso acordou por unanimidade solicitarlle á Xunta de Galicia un maior financiamento do servizo de axuda no fogar e a conxelación das achegas que realizan os usuarios. O alcalde do municipio, Manuel Adán, denuncia que as subvencións da administración son cada vez menores e que o concello se ve na obriga de “asumir competencias que lle son impropias” e pagar unha porcentaxe do servizo. O rexedor amósase partidario de que “os que menos teñan non paguen nada”, algo co que está de acordo a oposición: “que pague xente que cobra 500 euros non pode ser”, di o popular Ovidio Leiva. A prestación da axuda no fogar en Santiso supón facturas de entre 8.000 e 10.000 euros ao mes.



IMPRENTA
eligraf

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu



HOTEL BALNEARIO
RÍO PAMBRE 

Vilariño (San Breixo). Palas de Rei. 27203 Lugo
Telf.: 982 37 41 35 / Fax.: 982 37 40 98
E-mail: info@balnearioriopambre.com
Web: www.balnearioriopambre.com



Proquintas
QUÍMICA INDUSTRIAL

La química que nos une.

Alta calidad, mejor rendimiento
Un producto para cada necesidad.

Tlf.: 981 505 750
www.proquintas.com

- HOSTELERÍA
- MANTENIMIENTO
- CONSTRUCCIÓN
- AUTOMOCIÓN
- AGROPECUARIA
- PISCINAS
- CELULOSA / ACCESORIOS



INMOBILIARIA **MELIDE** **DICIONES**

INMOBILIARIA	TOPOGRAFÍA	
Pisos	Catastro	Mediciones
Casas	Parcelaria	Particiones
Terrenos	Informes	Valoraciones
Alquileres garantizados	Concesión de Aguas	

Rda da Coruña, 68 Bajo Izq. - Melide (A Coruña) - Tlf. 981.93.51.08
melidemediciones@galicia.com - www.melidemediciones.com

Santiso busca fondos para mercar e arranxan a ludoteca de Visantoña

O Concello de Santiso quiere mercar a ludoteca de Visantoña para incorporala ao patrimonio municipal e acometer obras de mellora que deixen o edificio en condicións aptas para poder utilizalo no futuro.

Tal obxectivo só será posible se a Dirección Xeral da Administración Local concede unha subvención que solicitou o equipo de goberno xa en outubro de 2012 e que aínda está sen resolver. Trataríase dunha contía próxima aos 30.000 euros que se empregaría para mercar o edificio e o recinto máis para realizar arranxos no exterior. A axuda resulta determinante, pois o Concello de Santiso non podería afrontar todos os custos só con fondos propios: “se conceden a subvención, haberá compra”, explica o ex-alcalde e edil socialista Fernando Suárez, quen admite que xa houbo contactos cos propietarios pero que o trato está sen pechar á espera de se reciben os cartos ou non.

En resposta a preguntas



A estrutura do edificio, de madeira, está afectada pola couza

formuladas polo Partido Popular, Suárez explicou que a chegada da Xunta só alcanzará para amañar o edificio por fóra, pintalo, cambiarlle as portas que dan ao exterior e arranxar a cerca. É por iso que o concelleiro do PSOE sinalou que para poñer de novo o inmoble en funcionamento sería inevitable realizar achegas das arcas municipais: “utilizaranse os cartos ata onde alcancen

pero o interior vai ser cuestión de ilo arranxando nós pouco a pouco ata deixalo como estaba, apto para o uso”.

A ludoteca de Visantoña foi construída con fondos europeos, ao abeiro do Plan Leader, na década dos 90. Na actualidade atópase en estado de abandono coa estrutura afectada pola couza e varios cristais rotos. Con frecuencia é vítima de actos vandálicos.

Campanario libre de silvas e tella nova para o mosteiro



Diego Calvo, en primeiro termo, no campanario do mosteiro

A finais do mes de outubro o mosteiro de Sobrado poderá presumir de cuberta e fachada renovadas. As obras de rehabilitación que se están aco- metendo en parte deste inmo- ble histórico avanza a paso firme e rematarán nas próximas se- manas. Os traballos comeza- ron en setembro e consisten na limpeza da fachada e do campanario da igrexa, que presentaban abondosa vexeta-

ción, así como na reparación de parte da cuberta, á que se lle puxo tella nova. A actuación está financiada pola Deputación con 48.000 euros, aínda que unha vez adxudicados os traballos o contrato tivo unha baixa ata os 32.653. O presi- dente do organismo provincial, Diego Calvo, visitou as obras o pasado 9 de outubro en com- pañía do alcalde de Sobrado e do prior do mosteiro.

A Regada, atascada de novo nos trámites burocráticos

Nove meses despois de ser pechada ao tráfico por danos na súa estrutura, o arranxo da Ponte da Regada segue a ser unha pelota que vai de tellado en tellado por todos os departamentos da Consellería de Medio Rural sen chegar nunca a concretarse.

Tras pasar pola secretaría xeral técnica e recibir os informes favorables do departa- mento de intervención e da asesoría xurídica, o proxecto atópase agora enriba da mesa de Seaga, a empresa pública á que se lle encomendou a xes- tión dos traballos, segundo deu a coñecer o director xeral de Medio Rural, Antonio Crespo. Será por tanto Seaga quen teña que licitar as obras, un trámite para o que non hai datas no almanaque. “Des- coñezo os prazos diso”, di o alcalde de Santiso, Manuel Adán, “só sei que estamos de novo envoltos nos trámites farragosos da burocracia”. Ante o silencio e a falta de

avances, o rexedor apura ao máximo a presión política antes de chamar á mobilización cidadá, unha posibilidade que non descarta que se teña que producir de novo.

“Estamos chamando todas as semanas á Xunta para que non se esquezan de que aquí temos un problema impor- tante”, sinala Adán, quen o pasado 8 de outubro, conxuntamente co alcalde de Arzúa, lle enviou unha carta á conse- lleira Rosa Quintana para so- licitar unha reunión e pedir explicacións sobre o atraso na licitación das obras. “A carta tena ela pero non a debeu ler porque seguimos sen respo- sta”, di con sorna o rexedor.

Tamén o tempo e o silen- cio fan mella nos veciños, que decidiron por iniciativa propia retirar o montículo de terra er- guído no seu día sobre a ponte para impedir o paso de vehícu- los. Tras un par de días circu- lando por ela, as autoridades locais pecharon o paso.

O BNG lanza unha campaña para frear a reforma local



Xosé Luis García (Arzúa), Xosé Igrexas (Melide) e Manuel Adán (Santiso)

Lonxe de sumar adeptos, a re- forma da administración local impulsada polo goberno de Mariano Rajoy atopa cada día con novas resistencias. Na Terra de Melide foron os alcal- des e concelleiros do BNG os primeiros en alzar a súa voz contra un proxecto que ao seu xuízo terá uns efectos “espe- cialmente desastrosos” para os municipios pequenos do medio rural.

Baixo o lema “Reforma dos concellos, ruína da cidadanía”, os nacionalistas iniciaron unha campaña para informar

á sociedade do que consideran “un paso máis na estratexia de recortes do PP”. Así o expre- sou o responsable comarcal do BNG, Xosé Igrexas, quen, acompañado polos alcaldes de Arzúa e Santiso, denunciou que coa reforma local “os ser- vizos que agora prestan os concellos serán ofertados en macro-contratos dende as deputacións en beneficio de grandes empresas de servizos madrileñas que optarán a eses suculentos paquetes sen preo- cuparlle as necesidades reais dos veciños e veciñas”.

FESTIVOS LOCAIS 2014

SANTISO

13 de xuño

San Antonio (venres)

15 de setembro

Santa Cruz, (luns)

TOQUES

15 de maio

San Cidre (Xoves)

2 de setembro

San Antolín (martes)

SOBRADO

4 de marzo

(Martes de Entroido)

9 de xuño

(Luns de Pías)

MELIDE

21 de abril

(Luns de Pascua)

16 de xullo

Carme (mércores)

CAFÉ - BAR NYX



**Rúa Galicia, 7
MELIDE (A CORUÑA)**

VISÍTANOS!!

INAUGURACIÓN

O 17 de outubro abriu as súas portas o Café-bar NYX. Situado na Rúa de Galicia, unha zona transitada e especialmente concorrida nas noites da fin de semana, este novo establecemento de Melide perfí-lase como a mellor opción para gozar do tempo de lecer. Cunha estética de vangarda e unha atmosfera acolledora, o bo servizo e a mellor das atencións están garantidas de antemán. Para non perdelo.



Rúa Principal, 6 - MELIDE
TELF: 696 77 41 63

ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial
Móvil: 678 543 240

Polígono Industrial do Tambre
Vía Galileo, 9
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.eruom.com

Tel. 981 519 999
Fax. 981 519 191
comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja

Allende
Muga
Obalo
Arnegui
Azpilicueta
Rioja Bordón
Ramón Bilbao
Marqués de Terán
Marqués de Riscal

D.O. Ribera del Duero

Tarsus
Prado Rey
Cruz de Alba
Condado de Oriza
Dominio de Atauta
Pago de los Capellanes

D.O. Rueda

Naia
Monteblanco

D.O. Ribeiro
Viña Costeira

D.O. Vinos de Madrid
Tagonius

D.O. Somontano
Pirineos

D.O. Bierzo
Dominio de Tares

Vinos del mundo
Argentina, Australia,
Chile

D.O. Navarra
Castillo de Javier
Palacio de la Vega

D.O. Bierzo
Dominio de Tares

D.O. Toro
Fariña

V.T. Castilla y León
Dominio DosTares
Viñas del Cénit

V.T. Castilla

Mano a Mano & Venta
La Ossa
Pago del Vicario
D.O. Rías Baixas
Nora
Lusco
Veigadares
Terra D'Ouro
Viña Sobreira
Mar de Frades
Señorío de Sobral

D.O. Valdeorras
Galgueira

D.O. Ribeira Sacra
Pincelo & 1985

Champagne
Perrier Jouët

Aceite ArteOliva
Agua Solán de Cabras

Coida a túa saúde en Melide; o mellor servizo, cos mellores profesionais

José A. Sánchez
CLÍNICA DENTAL ESPECIALIZADA



TRATAMIENTOS DE
ORTODONCIA
E IMPLANTES



ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS
Y ESTOMATÓLOGOS DE A CORUÑA

Ana Marcos Carido
Odontóloga

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB (MELIDE)
Tfl: 981 50 57 05



Miriam Gómez Carrascal
Nº Colegiado 27/1103

Clínica dental Zona Vella

Tel: 981 50 50 00
Rúa Nova, 6 baixo (MELIDE)

O decálogo da saúde bucodental

clínica dental

melident
laboratorio propio

- odontoloxía xeral
- ortodoncia
- implantes
- prótesis
- ortopantomografía

Rda. de Pontevedra, 67,b
MELIDE
Tfno: 981 507 508

R/ Casal de Munín, 2,b
BOIMORTO
Tfno: 981 516 601

1. Consulte periodicamente ao seu odontólogo

É a mellor maneira de atallar caries e caídas de dentes

2. Enxiva que sangra, enxiva enferma

Este dato permite detectar enfermidades periodontais

3. Hidratos de carbono, sinónimo de problemas

Son o material ideal para a placa bacteriana

4. A boa hixiene dental debe ser un hábito

Convén fixalo dende que somos cativos/as

5. Debemos ter todos os elementos para a hixiene

Cepillo axeitado, fío dental, cepillos accesorios...

6. Renovar con frecuencia o cepillo de dentes

Non debemos empregalo máis de 4 meses seguidos

7. Atención cos hábitos daniños

Morder as uñas, morder obxectos, bruxismo...

8. Cepillar os dentes despois de cada comida

Masaxee a enxiva e non esqueza utilizar fío dental

9. Non leve alimentos para a mesa de noite

Froitas, galletas ou zumes conteñen azucres daniños

10. Vostede é o primeiro responsable da súa saúde

Ninguén o vai coidar mellor ca vostede mesmo

Catro décadas dignificando a cultura dende a Casa de Galicia en Santurtzi

Os galegos da Terra de Melide son un referente cultural en Euskadi

Hai unha rúa en Santurtzi na que latexa con forza un corazón galego. Está dedicada ao poeta vasco Gabriel Aresti e nela atópase a Casa de Galicia, fundada en 1969 “para xuntar aos galegos da contorna e para manter e fomentar as relacións interpersoais dentro dos sinais de identidade propios”.

Corenta e catro anos despois esa segue a ser unha das súas máximas, di o actual presidente da asociación, o melidense Milo Mosteiro Mato. Vasco de nacemento pero galego de corazón (esa caixa para os sentimentos onde asegura levar dende sempre “o son da gaita”), Milo Mosteiro é sobriño dos míticos Garceiras e ao mes de nacer xa viaxou no Puntero con súa avoa cara a Melide. Alí habíase empapar cada verán da cultura que agora, a 600 quilómetros de distancia, contribúe a dignificar: “acabouse aquilo de con-



Integrantes de Airiños Galegos Doce Albor en Santurtzi

siderar a nosa idiosincrasia paifoca ou ordinaria”.

Nova andaina

En 2010 a Casa de Galicia en Santurtzi iniciou unha nova andaina e consolidou “outro xeito de traballar marcado pola implicación interxeneracional”. O mellor exemplo

está na volta do grupo de gaitas, coa refundación dos “Airiños galegos”, creados en 1979 para logo esmorecer, e coa posterior reconversión en “Corxa Airiños Galegos Doce Albor”, onde se integran todos os espazos musicais que se traballan dende a asociación: as gaitas, a percusión, o baile e o

coro. A agrupación é o espazo “onde novos e maiores teñen as mellores vivencias”, asegura Milo Mosteiro, e a música o mellor marco para a transmisión do amor pola terra e o “caldo de cultivo” para que a mocidade se vaia integrando



Milo Mosteiro Mato

no futuro dunha entidade que ten o relevo asegurado.

Nova Andaina é tamén o nome da revista que a Casa de Galicia en Santurtzi publica cada 25 de xullo dende 1987 e na que se recolle o traballo feito anualmente por unha entidade que non destaca polo seu elevado número de socios

(arredor de 200, a inmensa maioría da Terra de Melide), pero si por ser o foco cultural máis potente no eido das casas de Galicia en Euskadi. Tal recoñecemento resulta, segundo Milo Mosteiro, “do alto grao de implicación dos socios e da fidelidade á nosa terra, que defendemos sen ambaxes”.

Non quedan reis, nin entroidos nin magostos sen festexar para os galegos de Santurtzi, que teñen na Semana das Letras o momento máxima trasfega cultural. Están a darlle pulo ao recentemente creado certame de corais e este verán, despois de 13 anos, acolleron o Día de Galicia en Euskadi con catro días de intensa programación nos que puxeron “toda a carne no asador para dar o mellor de nós”. Pero se hai unha cita ineludible e especial, esa é a Foliada de Melide, “o mellor festival gaiteiro que hai hoxe en día en Galicia”, asevera tamén sen ambaxes Milo Mosteiro. Contan os días que faltan e padecen “sen remedio” ese sentimento chamado morriña. Mentres agardan, non deixa de latexar un corazón galego na rúa de Gabriel Aresti.

M^a CARMEN VÁZQUEZ PANDELO, PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN CATASOL

“Loitaremos contra a crise para que non se perda unha asociación de tantos anos”

-Vinte e dous anos despois da súa fundación, Catasol goza de boa saúde?

-Carmen Vázquez (C.V.): Agora mesmo somos preto de 500 socios. É un número aceptable pero pódese dicir que estamos en horas baixas porque sempre fomos arredor de 700 persoas. De todos os xeitos, non nos queixamos, porque a asociación está moi consolidada e cada ano vén xente nova de forma voluntaria sen necesidade de facermos campañas de captación.

-Que tipo de actividades desenvolven a día de hoxe dende a asociación?

-C.V.: Temos moitas relacións co que chamamos labores: bolillos, calceta, ganchillo, punto de cruz, macramé, patchwork... despois tamén ofertamos informática tanto para nenos como para adultos

e ximnasia de mantemento. Este ano incorporamos tai-chi e pintura. Temos aínda a matrícula aberta para a xente que se queira matricular. Á marxe de todo isto facemos bastantes viaxes culturais e organizamos outras actividades de xeito máis puntual como a chocolatada de San Xoán, que ten moito éxito, ou a cea anual para todos os socios, que celebramos hai poucos días.

-Xurdiron como asociación de amas de casa para dinamizar a vida cultural. Ese oco agora está cuberto. Cambiaron dende entón os seus obxectivos?

-C.V.: Cambiou máis ben o tipo de actividades e o xeito de ofertalas. Ao principio estaban máis orientadas ao folclore galego e eran gratuítas. Agora, debido á falta de subvencións, vémonos na obriga de cobra-

las. Economicamente é imposible mantelas só coas cotas dos socios, que pagan 10 euros ao ano se son titulares e 7 se son familiares. É unha cantidade simbólica.

-Polo que di, semella que tamén vostedes teñen dificultades...

-C.V.: (Ri) Si, creo que a crise lle está afectando a todo o mundo. A nós obrigounos a deixar o local que tiñamos en aluguer. Agora estamos empregando un que nos cedeu o concello, polo que lle estamos moi agradecidas. Como asociación de usuarios e consumidores, antes tiñamos unha persoa que atendía á xente e agora simplemente nos limitamos a canalizar as queixas ou as preguntas que nos formulen. Estamos máis limitadas, pero nós imos seguir loitando porque é unha pena



M^a Carmen Vázquez

que se perda unha asociación de tantos anos.

-En 22 anos supoño que tamén cambiaría moito o concepto de ama de casa...

-C.V.: Por suposto. A muller incorporouse ao mundo do traballo e o concepto ama de casa xa non se entende como entón. De feito, desapareceu do nome da asociación. Pero en 20 anos tamén apareceu un novo concepto: amo de casa. Antes non existía.

O programa Bule con Alcer volve no mes de xaneiro

Bule con Alcer, unha das actividades máis demandadas de entre todas as que oferta a Concellería de Benestar Social, volverá a Melide por terceiro ano consecutivo. O programa, que consiste en ximnasia adaptada para persoas con enfermidades crónicas, comezará de novo en xaneiro. Impartirase os luns, os mércores e os venres no mesmo horario que se viña realizando ata agora e como novidade incluírá unha sesión semanal na piscina. As persoas interesadas nesta actividade deberán inscribirse no Centro Social entre os días 1 e 15 de decembro. Terán que achegar unha fotocopia do DNI, a tarxeta sanitaria e un certificado médico. No último curso de Bule con Alcer participaron 70 persoas.

Cardigan Bridge recrea a melancolía dos bos recordos en *The western tree*

Cando crear é unha necesidade vital, cando existe unha linguaxe expresiva propia e unha realidade rica en matices que se debe transmitir, xorden discos como *The western tree*: persoal, experimental, compendio de vivencias feitas música. Así é o segundo traballo de Cardigan Bridge, cantautora coruñesa afincada en Melide, que vén de presentar un álbum de esencia country e matices jazz e pop.

Poucas máis etiquetas admite *The western tree* cá da influencia da música de cantautor norteamericano (Tracy Chapman, Eagle Eye Cherry...). É, por encima de todo, un disco ecléctico, como a propia artista, un resumo do pouso que deixou tanto no gusto musical como no sentido interpretativo o traballo feito durante moitos anos. O álbum, autoproducido, contén dez temas que falan das carreiras do verán, das historias divertidas da infancia, dos calcetíns vermellos, do primeiro bico e dos guateques nos balcóns. “É un canto á



Portada do álbum e fotografías de Cardigan Bridge

vida, ao amor, á xuventude e á infancia”, explica a propia Cardigan Bridge, quen só concede espazo á tristeza e á “melancolía dos bos recordos” no tema que dá título ao disco, dedicado a seu pai, xa falecido.

Para facer música dos sentimentos e das vivencias, Cardigan Bridge rodeouse dos profesionais que xa a acompañaron no primeiro disco, músicos-amigos que “embelecen” o que fai e entre os que se atopan Nacho Varela, “a per-

soa que partituruza todo o que me pasa pola cabeza”, explica a cantautora, “alí onde non chego eu coa miña linguaxe, chega el coa linguaxe universal; o solfexo e a partitura”.

O resultado de tan boa química é *The western tree*. Trala presentación no Playa Club da Coruña, na Sala Sónar de Santiago e na Sala Karma de Pontevedra, a próxima estación será en Madrid, o 25 de outubro, na Sala Siluro. Unha boa ocasión para agasallar os oídos.

Óscar LUGRÍS roza o podio na exitosa media maratón entre Palas e Melide



Pedro Nimo, vencedor



Óscar LUGRÍS, 4º clasificado



Jose Penas, 11º clasificado

Dende o primeiro ata o último metro dos 21,097 quilómetros do percorrido entre Palas e Melide, a primeira edición da media maratón “Os 21 do camiño” foi un auténtico éxito: de participación (245 atletas), de organización e de bos comentarios dos corredores tras cruzar a liña de meta.

O compostelán Pedro Nimo, avalado por un amplo palmarés a nivel nacional e internacional, cumpriu as expectativas de claro favorito e fíxose coa vitoria cun tempo de 1:14:07. A pouco máis de tres minutos, cun crono de 1:17:16, cruzou a meta o melidense Óscar LUGRÍS Beteta, que conseguiu un meritorio 4º posto

e a piques estivo de subir a un podio no que, ademais de Pedro Nimo, estiveron o ourensán Cristian Díaz e o lucense Paulo González. Os membros da Asociación Deportiva Cerne, entidade organizadora da media maratón, tamén fixeron un bo papel. Entre os primeiros estiveron José Penas, de Santiso, que quedou en 11º lugar e o melidense Claudio Sánchez, 20º.

Na categoría feminina a vitoria foi para a atleta arzuá M^a Carmen Penas Blanco, que marcou un tempo de 1:32:13 e quedou 39ª na clasificación xeral. O segundo posto foi para Silvia Noya, da cidade alemá de Wiedenbrück.

NOTICIAS BREVES



Era un dos obxectivos fundacionais e estase a cumprir: o Festival de la Luz medra apegado cada vez máis ao territorio que o acolle. E tamén no que á música se refire. A segunda edición deste evento, celebrado no concello de Boimorto a mediados de setembro, xuntou nun mesmo escenario ao mestre Carlos Núñez e a corenta gaiteiros e gaiterías da Terra de Melide, que foron bautizados para ocasión como “Banda de gaitas Cerne de Galicia”. A actuación, toda unha sorpresa, foi moi valorada polas miles de persoas asistentes. Tamén dentro da programación oficial actuou o grupo folk da comarca Leirabuxo.



A Escuela Ayude de Melide comezou a nova tempada con moi bo pé. Unha das súas alumnas, Cora Ayude, conseguiu a primeira medalla en categoría absoluta para a esgrima melidense tras facerse co bronce no primeiro ranking autonómico, celebrado en Lugo durante as festas do San Froilán. O pase á derradeira rolda estivo a tiro de pedra, pero finalmente Cora Ayude foi derrotada nas semifinais por un axustado 15-13. Na categoría M-15 Patricia López proclamouse campioa e Antía Vázquez acabou en 6º lugar.



Setenta persoas participarán no curso de informática para adultos que se desenvolverá nos próximos meses no edificio multiusos da vila. Repartidos en tres niveis de coñecemento diferentes, os asistentes entrarán en contacto coas novas tecnoloxías e aprenderán as nocións básicas para desenvolverse con independencia no terreo da informática. Ximnasia de mantemento, obradoiro de memoria, bailes de salón, manualidades e tai-chi son outras das actividades que ofrece a Concellería de Benestar social para os maiores do concello.

JOSÉ QUINTÁS “POPAS”, ADESTRADOR DO CIRE

“Sería un éxito grandísimo lograr que o Cire se mantenga en segunda”

-Cal é a túa traxectoria no mundo do fútbol?

-José Quintás (J.Q.): Comecei a xogar como a maior parte dos nenos, no colexio e no parque. Con 13 anos fichei polo Cire e estiven ata os xuvenís, momento no que volví para o Arzúa, de primeira rexional. Estiven competindo con eles ata que o deixei con 28 anos, momento no que comecei unha nova etapa como segundo adestrador do Arzúa. Fun entrando neste mundo e empecei a quitar os títulos de adestrador ata chegar ao de nivel nacional. A miña primeira experiencia como primeiro adestrador foi o ano pasado co Cire.

-Unha boa experiencia... subistes de categoría e non o tiñades fácil...

-J.Q.: Non, non era fácil polo feito de que tivemos que montar un equipo de novo practicamente e tivemos que levar varios xogadores de Arzúa. Ao final conseguimos facer un grupo excelente no aspecto humano e tamén no deportivo, moi comprometidos. Intentamos competir o mellor posible e como en todo deporte tivemos esa miga de sorte que fai falta para ascender.

-A sorte ás veces tamén hai que buscala.

-J.Q.: Eu creo moito no traballo. O ano pasado, tralas primeiras reunións coa directiva do Cire, decidimos que o primeiro obxectivo era formar un equipo e a partir de aí o camiño tiña que ser o de adestrar moito, intentar acoplar pronto as pezas e competir o mellor posible. Creo que iso se conseguiu porque ao final de tempada fixemos 100 sesións de adestramento. Non creo que haxa moitos equipos en terceira rexional que os fagan. Ao final recolleemos os froitos.

-Como vos atopades este ano na nova categoría?

-J.Q.: Sabemos que vai ser un ano complicado porque o cambio de terceira a segunda é moi grande. Estamos nun proceso de adaptación. Na medida en que sexamos capa-



Popas asume a presente tempada do Cire como “un gran reto”

ces de adaptarnos axiña á categoría, daremos a talla. O comezo foi bo pero levamos varios partidos nos que non somos capaces de puntuar fóra. Aínda queda moita liga.

-Que aspiracións tedes para esta tempada?

-J.Q.: O obxectivo do equipo e da directiva é consolidar o Cire en segunda. Iso pasa por manterse e logo seguir reforzándose. O reto é moi grande. Se o ano anterior tivo mérito o ascenso, este ano sería un éxito grandísimo ser capaces de manter o equipo. O Cire merece estar nunha categoría superior; Melide debería de ter un equipo en primeira rexional.

-Houbo moitos cambios de xogadores con respecto á tempada pasada?

-J.Q.: Houbo máis dos que a min me gustaría. Cando planificamos a tempada, a primeira opción foi falar cos

xogadores que participaron o ano pasado. Tivemos a confirmación da maioría. Eu quería unha plantilla de 25 xogadores e coas 6 incorporacións que tiñamos apalabradas completabamos ese número. Ao final por temas de estudos e de traballo houbo varios rapaces que nos dixeran que si pero que lles foi imposible comprometerse.

-Hai tempo que se fala da unión do Atlético Melide e do Cire. Que opinión che merece esa posibilidade?

-J.Q.: Persoalmente, cústame concibir que pobos como Melide ou Arzúa teñan dous equipos. Melide ten un potencial tremendo, que é que hai moitos nenos. Dividir ese potencial merma aos dous equipos. Eu creo que a unión dos dous clubs fortalecería moito a competitividade, tanto do primeiro equipo como das categorías base.



- Almorzos
- Menú do día
- Unha carta con pratos moi variados
- Habitacións
- Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax.: 981 507 560
Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE
www.pousadachiquitin.es - info@pousadachiquitin.es

Casa SANTOS

Queixos do país



Avenida de Lugo, 8.

Tlf.: 981 50 53 96

MELIDE

Cervexería Cafetería



O' TRASNO

Rda. de Pontevedra, 30 - 15800 MELIDE

HOSPEDAJE - PARRILLADA RESTAURANTE - BAR

Sony

Tfno/ Fax: 981 505 473
Ctra. de Santiago, s/n - MELIDE
www.restaurantesony.com
sony@restaurantesony.com

Peluquería



EL ASEO

Tfno.: 981 50 51 59
Rúa San Pedro, 7 • 15800 MELIDE

Bancos, carpintarías e outros negocios

María Fernández, economista

“El rescate a los bancos hubiera alcanzado para dar de comer a todos los hambrientos del mundo, con postre incluido, de aquí a la eternidad. A nadie se le ocurrió la idea.”
(Eduardo Galeano)

Imos comparar dúas empresas: un banco con... poñamos por caso, unha carpintaría, aínda que podería ser calquera outro negocio. Como ante a lei somos todos iguais, estas dúas empresas deberían obter resultados similares, con similares actuacións. Vexamos:

O banco recibe cartos nosos, que utiliza para facer préstamos, polos que cobra un interese, e de aí saca a súa ganancia.

Podemos afirmar pois, que o negocio dun banco é prestar os cartos que nós lle prestamos. Se non depositamos cartos, o banco non ten negocio. A carpintaría vive de facer mobles, para o cal ten que comprar madeira.

Feito 1: Un cliente vai ó banco e pide unha hipoteca, o banco ten acceso a todos os seus datos, débedas, ingresos, divorcios, propiedades... e ademais ten analistas, expertos... a partir destes datos decide conceder o préstamo para facer negocio. O cliente vai á carpintaría e encarga unha cociña. O único que pode facer o carpinteiro é mirarlle



a cara, as pintas, e decidir se fiarse e facer a cociña ou non.

Feito 2: O cliente recibe o préstamo e a cociña. Queda no paro. Non lle paga nin a unha empresa nin á outra. O banco embarga a casa, embarga a conta, embarga os ingresos, embarga a cociña, embarga e embarga. Deixa ó cliente na rúa, cobra a débeda e queda coa casa, que mantén baleira. O carpinteiro suplicálle ó cliente, sen resultado, que lle pague os cartos que lle debe. Deixa de collerlle o teléfono ó vendedor da madeira, porque non ten con que pagarlle a mercadoría. Suplicálle tamén ó banco para que lle

amplíen a póliza e poder comprar madeira para facer unha nova cociña. Non consegue nada.

Feito 3: A este cliente que non paga, súmanselle outros moitos na mesma situación. O banco embarga as casas, cobra as débedas e pídelles un rescate ó Estado, que pagan todos os clientes que están sen casa, os hipotecados e incluso os que non teñen conta no banco. Miles de empregados do banco traballan incansablemente no horario oficial e nas horas que “voluntariamente” fan e non cobran. O banco obtén beneficios. A carpintaría pecha as súas portas, bota ós traballadores á rúa e segue pagándolle as débedas ó banco.

Si, os dereitos son os mesmos, pero os resultados... Só me pregunto que podo facer eu, que coma todos vos, somos quen lle está dando negocio ás empresas que nós decidimos (decidimos?). Eu pola miña banda, síntome tan pequena, que o único que se me ocorre é reclamar cada céntimo inxusto de comisión ou cobro abusivo.

Á festa do Pilar vaise por Melide

Xosé Núñez López

En tempos xa moi lonxanos pasabamos por Melide cada 12 de outubro para ir á festa do Pilar; os novos a pé e os vellos na besta. Cando xa iamos cansados de andar aínda quedaba case outro tanto ata chegar ao santuario, onde oíamos misa e, se facía bo día, comiamos tortilla de patacas, chourizos e se cadra tamén algunhas troitas debaixo duns castiñeiros que había preto da igrexa. En caso contrario iamos comer a un bar de Melide, pois como aínda non había estradas, nin coches, nin orquestras, esa era toda a festa do Pilar para as xentes da terra de abaixo.

Recordo que un 12 de outubro houbera festa en Melide e incluso a Banda de Música de Visantón se achegara tocando ao cuartel da Garda Civil, o que significaba renderlle unha pequena homenaxe á benemérita, cuxos membros cun traballo calado pero moi eficiente, están aí para defender as persoas e as propiedades sen condicións de ningunha clase.

En pago a ese encomiable labor, e sen que sirva de precedente, quero dedicarlle unhas palabras aos compoñentes do posto de Melide, que hai poucos días celebraron a súa festividade, culminando un ano no que se teñen producido tres

acontecementos destacables:

- Cumpríronse cen anos da elección da patroa do corpo, a Virxe do Pilar.
- O papa Benedicto XVI concedeu a súa derradeira audiencia a unha representación da Garda Civil española.
- Na derradeira enquisa do CIS, os cidadáns situaron á Garda Civil en primeiro lugar no que á confianza nas institucións se refire.

Isto último contradí o que pensaba o escritor galego Julio Camba, quen a respecto da Garda Civil dicía o seguinte: “era unha das poucas institucións que funcionaba ben en España. De aí a súa impopularidade. Porque ao español non lle gusta que as cousas funcionen ben, xa que se as cousas funcionan ben, el terá que funcionar ben tamén, e este sistema non ofrece ningunha vantaxe. Cun tren que saía sempre á hora exacta, por exemplo, non haberá ningunha seguridade de chegar a tempo á estación, e igualmente cun ministro honrado ou insubornable, non se poderá xamais acadar un destino nin activar un expediente. A Garda Civil era exacta, era honrada, era insubornable...”. A palabra corrupción non se utilizaba daquela.

Comunicar: escuchar y proponer

Minia Varela, profesional autónoma

La herramienta esencial para la comunicación son las palabras, pero nunca como ahora se han tergiversado tanto, vaciándolas de su contenido auténtico, adaptando su significado a nuestros intereses. Podíamos aplicar al lenguaje aquel famoso dicho “si no vives como piensas terminarás pensando como vives”. Puede parecer una paradoja, pero los que saben de esto dicen que en la era de la comunicación, cada vez estamos más incommunicados, más solos, y somos más individualistas.

La comunicación es una ruta de doble vía, en la que el origen es tan importante como el destino, y viceversa. Mantener una actitud inicial de escu-

cha es una base firme para que la conversación sea cercana, directa y fiable en el plano personal, en las instituciones, en la comunicación interna y externa de las empresas. De no cuidarse, a la larga genera unas profundas distorsiones en el manejo de las relaciones. Es importante mantener un equilibrio entre lo que queremos decir y lo que otros nos han de decir. Por eso es importante aprender a escuchar; solo el que sabe escuchar, sabe distinguir lo que conviene decir y la forma de hacerlo, pues es cierto aquello de que “uno es dueño de sus silencios y esclavo de sus palabras”.

En este sentido, al hilo de los diversos conflictos que se

generan en nuestra sociedad por falta de diálogo sereno y de un adecuado debate de ideas, considero que en el marco de una sociedad moderna, el arte está en escuchar y aprender a intervenir en el debate público con actitud dispuesta a confrontar las ideas, con argumentos y propuestas razonables.

Dejo para la reflexión unas palabras de un experto en este tema, Enrique Sueiro: “Escuchar para comprender. Comprender para comunicar. Comunicar para liderar. Escuchar es más que permanecer en silencio. Comprender no equivale a coincidir. Comunicar implica compartir. Todo esto, en la práctica se complica y, a veces, se imposibilita”.



**Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade**
**Rúa San Pedro, 16
MELIDE**

**Agora tamén café, chocolate
e infusións**

Tenda: 981 505 723 - Queixería: 981 510 702
Balada - Visantón (SANTISO)
xebretenda@gmail.com

JUAN JOSÉ SEGADE ABAD, A FÁBRICA DO CAMIÑO

“Podemos facer moito a nivel individual para aproveitar mellor o filón do camiño”

A Fábrica do Camiño foi nos seus inicios o novo proxecto de quen levaba anos detrás dunha barra e quixo arriscar para subir chanzos na vida e procurar un futuro mellor. Agora que se acaba de cumprir un ano dende que esta cervexería abriu as súas portas, Juan José Segade ten xa a segu-

ridade de que a decisión foi un acerto. Sorprendido polo “tirón” que ten o Camiño de Santiago, traballa xe en novas ideas pensando nos peregrinos. Faino dende o convencemento de que a abundancia, un prezo razoable e un sorriso amable son as claves para o éxito e a viabilidade dun negocio.

-Pola situación do local e polo propio nome, semella que o peregrino é cliente habitual...

-Juan José Segade (J.S.): Efectivamente. Traballamos tamén con xente de aquí pero no que respecta a este local podo dicir que arredor do 70% da facturación procede do peregrino. Inflúe o feito de estar no camiño, nun lugar céntrico, o ter unha terraza atractiva e tamén que acaba de abrir ao lado un albergue con capacidade para aloxar 70 persoas. En Melide se nos quitan o peregrino, mal asunto...

-É un cliente diferente? Require un trato especial?

-J.S.: Hai de todo. Para min o mellor cliente peregrino é o estranxeiro: para eles sempre está todo ben, nunca poñen pegas. Cando sentan na terraza eles mesmos che achegan a bebida outra vez para dentro, recóllenche as mesas..., todo está sempre perfecto. E logo teñen outra cousa boa: vén o peregrino español e non gasta, porque a cousa está como está, pero os de fóra si. Aquí estivo algún alemán que bebeu 18 cervexas.

-Sendo así, supoño que co inverno chegarán as vacas fracas.

-J.S.: Si, a partir deste mes seguro que imos notar un baixón abismal. É o primeiro ano que teño o bar e non podo comparar cos anteriores, pero quedei impresionado coa cantidade de xente que pasou polo camiño. Nun só día poden pasar 200 ou 300 peregrinos. Son moitos para un mes de outubro. Para min o tirón do camiño foi unha sorpresa. Cando collín o bar tíñalle algo de medo, pero agora xa estou animado, aínda que sei que vai vir un inverno duro. Se o negocio



Juan José Segade leva un ano á fronte da Fábrica do Camiño

fora meu e non tivera que pagar un aluguer, pecharía de novembro a marzo e ese tempo dedicárame a outra cousa.

-Melide podería facer algo máis para aproveitar un recurso económico tan importante para a vila como é o camiño?

-J.S.: A nivel individual podemos facer moito para aproveitar mellor ese filón. Eu teño claro que debo enfocar máis o negocio ao camiño e será o que faga de aquí en adiante. Agora mesmo estou ofrecendo un menú que fun ideando nos seu momento sobre a marcha porque eles mesmos chegaban pedindo o menú do peregrino. Foi algo improvisado e, sen esaxerar, puiden vender preto de 1.000 menús este ano. Simplemente con ofrecelo e anunciarlo nun cartel, foi un éxito.

-En que consiste ese menú que está ofrecendo?

-J.S.: Estamos enfocados un pouco a todo. Pola mañá damos almorzos: café grande, zume natural e tostadas por 3,50, que é un prezo moi accesible. E despois temos 9 pratos combinados, 3 ensaladas diferentes, racións, bocadillos, sandwiches, hamburguesas, tortillas... a cociña funciona dende as 6 da mañá que abrimos ata que pechamos.

-Leva un ano á fronte da Fábrica do Camiño. É esta a súa primeira experiencia na hostalería?

-J.S.: Non, de feito, eu crieime nos bares. Meus pais foron xente de hostalería de toda a vida. Con quince anos xa traballaba no bar de miña nai. Tiña clase pola tarde e pola mañá ata as dúas estaba

alí. Logo tivemos un negocio de construción, pasou o que pasou nese sector e foi cando abrín a cervexería Orois con meu pai, hai catro anos. Eu alí levaba o local pero era un asalariado. Despois, para intentar mellorar, busquei un pouco a vida e collín este negocio a ver que pasaba. De momento estou moi contento.

-En base á súa experiencia, que é o que máis valora o cliente da hostalería?

-J.S.: En xeral ao cliente gústalle moito a abundancia e que teñas un prezo razoable. Tamén é importante que sexas amable e que os recibas cun sorriso. Iso xa é máis unha cuestión do carácter de cada un. Hai que combinar un pouco todo, xa que tamén é necesario ter capacidade para sacar o traballo adiante.

“Ao cliente gústalle moito a abundancia e que o recibas sempre cun sorriso amable”

“Quedei moi impresionado coa cantidade de peregrinos que pasou este ano por Melide”


-O seu é un traballo que ten que gustar?

-J.S.: Si, ten que gustar, pero é coma todo; se funciona ben, sempre te anima. Se botas aquí un montón de horas, arriscando, e non ves ningún logro, é cando te vés abaixo. A min se aquí a final de mes non me queda máis ca un salario, pois prefiro traballar en calquera outra cafetería, na que ganaría o mesmo, faría menos horas e non tería responsabilidades. Agora, se vexo que nun ano xa salvei o investimento inicial, teño a mercancía pagada e fun vivindo bastante ben... que máis podo pedir nos tempos que corren?

FÁBRICA DO CAMIÑO

Cantón de S. Roque, 1

Tlf: 610 30 99 86



NUEVA APERTURA!
MATRÍCULA GRATIS
GRUPOS REDUCIDOS E INDIVIDUAL
NIÑOS Y ADULTOS
ENCARGOS DE TRADUCCIÓN



inauguración



*Lucía Sande
&
Sandra
Montoto*



C/ Rosalía de Castro, 3
15.800 MELIDE
(zona instituto)

Teléfonos:
626 422 771
628 945 643

centro.torredebabel@gmail.com